

## FASE LOCAL XADREZ COMARCA "AS MARIÑAS" BENXAMÍN, ALEVÍN, INFANTIL Pavillón Sofía Toro (Cambre)

En atención á especial situación na que nos atopamos, e ante a evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, comézase a ver os primeiros pasos para retornar á normalidade anterior á pandemia.

Ante este panorama, é intención deste Servizo de Deporte o ir retomando aos poucos a actividade deportiva escolar, aplicando os protocolos FISICOVID vixentes en cada momento.

Tendo en conta isto, o Servizo de Deporte da Coruña, da Secretaría Xeral para o Deporte, en colaboración co Concello de Cambre, organiza a Fase Local de XADREZ, do Programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar), das categorías Benxamín, Alevín, e Infantil mixto e feminino, correspondente a tempada 2021-2022.

### INSCRICIÓNS

As entidades que aínda non crearon os equipos e non incorporaron aos/ás xogadores/as, deberán facelo, e ao mesmo tempo pregamos confirmen a participación nestas xornadas para poder organizar as partidas.

Para darse de alta no programa Xogade teñen que acceder a través da páxina web <https://inscripcion-xogade.xunta.gal/>

Teñen que acceder á aplicación 2021-22.

### PARTICIPANTES

Poderán participar todos os clubs, centros de ensino, asociacións, ANPAS etc, que cumpran o requisito de obrigado cumprimento da inscrición no programa Xogade, na actividade deportiva escolar, modalidade de xadrez.

### COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Cada equipo estará integrado por catro xogadoras/es e dúas/dous suplentes e un/unha adestrador/a-delegado/a. En cada equipo poderán inscribirse 3 xogadores/as das categorías inmediatamente inferiores.

Na fase Local, nas categorías benxamín e alevín, está prevista a disputa dun suizo individual. Na categoría infantil, farase por equipos, e decidirase o sistema de competición en función do número de equipos inscritos.

### CATEGORÍAS

**Benxamín:** nados nos anos 2013-2012

**Alevín.....:** nados nos anos 2011-2010

**Infantil....:** nados nos anos 2009-2008

### LUGAR E DATA

A fase Local de Xadrez Benxamín, Alevín e Infantil, terá lugar os domingos 27 de marzo e 3 de abril en xornada de mañá de 10:00 a 13:00 horas, no Pavillón Sofía Toro, sito na rúa Wenceslao fernández Flórez, s/nº de Cambre, Teléfono pavillón 981655 281

Fase Intercomarcal.....: sábado 23 de abril/2022 Salón de Actos do Complexo Deportivo de Elviña I sito na praza de Agustín Díaz, nº 1 (A Coruña). Horario de mañan. De 11.00 a 14.00 h.

Fase Provincial.....: Por determinar.

## SISTEMA DE COMPETICIÓN

Xogarse unha fase local, que pode ser liga por equipos, suízo por equipos ou suízo individual

- O torneo disputarase polo sistema Suízo individual, agás a categoría infantil, que poderá ser por equipos a criterio da organización, e en función do número de equipos participantes. Neste caso, a orde de forza de cada equipo non poderá variarse no transcurso do torneo.
- O ritmo de xogo na categoría infantil, no caso de empregarse, será de 30 minutos finish. Nesta fase, as categorías benxamín e alevín xogarán sin reloxo.
- Sistema de clasificación:
  - o Puntuarán as catro mellores puntuacións individuais. En caso de empate, decidirá o mellor clasificado do equipo no torneo individual. (BENXAMÍN E ALEVÍN)
  - o No caso de xogar por equipos en fase eliminatoria, gañará o equipo que sume máis puntos. En caso de empate, o sistema consistirá en multiplicar o resultado do primeiro taboleiro por catro, o do segundo por tres, o do terceiro por dous e o do cuarto por un, sumándose ao final os catro taboleiros. No suposto de persistir o empate, contará o resultado do primeiro taboleiro. Se tampouco se resolve a igualdade, o equipo que xogase con negras no primeiro taboleiro será o vencedor. (INFANTIL)
  - o No caso de xogar por equipos en “liguilla”, gañará o equipo que sume máis puntos. No caso de empate, os desempates que se aplicarán serán resultado particular e en segundo caso Sonneborn – Berger. (INFANTIL)
- Prohíbese a entrada/permanencia na Sala de Xogo con teléfonos móbiles acesos.
- Quedan totalmente prohibidos os comentarios sobre as partidas en xogo, sendo estes penalizables.
- Os/as xogadores/as poderán consultar co seu Delegado as ofertas de táboas, para o cal deberán avisar previamente ao Árbitro. O Delegado deberá contestar de forma lacónica e sen proporcionar información algunha sobre a partida.
- Debido á situación orixinada pola Covid-19 non se permitirán análises na zona de xogo.
- Os/as xogadores/as que, por razón xustificada, desexen abandonar a sala de xogo no transcurso das súas partidas, deberán solicitar a autorización do Árbitro.

## CLASIFICACIÓNS

Clasificaranse para o Campionato Intercomarcal os primeiros equipos das categorías Benxamín, Alevín, e Infantil mixto/feminino.

## SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible no programa Xogade, na páxina web [www.deporteescolargalego.com](http://www.deporteescolargalego.com). Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á poliza do seguro é aberto.

Lembren que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.

## PROTOCOLO FISICOVID-DXTGALEGO

Para o desenvolvemento desta competición seguirase o **PROTOCOLO FISICOVID-DEPORTEGALEGO XOGADE 2021/22** que podedes atopar na páxina web de Xogade: <https://inscripcion-xogade.xunta.gal/> e o **PROTOCOLO FISICOVID-DXTGALEGO DE XADREZ** da Federación Galega de Xadrez que podedes consultar na páxina web da Federación: [www.fegaxa.org](http://www.fegaxa.org)

Aplicaranse os protocolos vixentes no momento da competición. Ditos protocolos son de obrigado cumprimento para todas as persoas participantes nestas Xornadas.

As entidades participantes no programa Xogade (centros de ensino, ANPAS, clubs, escolas deportivas municipais, asociacións, etc.), establecerán un procedemento para comunicarlle este protocolo a todos os seus axentes implicados no programa e para o seu cumprimento, facilitando un responsable como persoa de contacto.

As medidas a seguir son as seguintes:

- A) Cada entidade terá que cubrir o **MODELO DE COMUNICACIÓN DE ADHESIÓN AO XOGADE E NOMEAMENTO DE COORDINADOR/A FISICOVID-DXTGALEGO XOGADE 2021/22 DE ENTIDADES PARTICIPANTES NO PROGRAMA XOGADE 2021/22** que podedes atopar no protocolo Fisicovid que tendes na páxina web de Xogade (Modelo 7.2). <https://inscripcion-xogade.xunta.gal/>

Unha vez cuberto dito modelo, tendes que envialo ao Servizo de Deportes da Coruña ([deportes.coruna@xunta.gal](mailto:deportes.coruna@xunta.gal)).

Se xa entregáchedes dito modelo 7.2, por estar participando noutras modalidades deportivas da actividade deportiva escolar, non tendes que volver a envialo.

- B) Cada rapaz/rapaza que participe nas xornadas ten que entregar na entidade coa que vaia a participar o **MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS PARA PARTICIPAR EN XOGADE 2021/22** cuberto e asinado (Modelo 7.4). que podedes atopar no protocolo Fisicovid que tendes na páxina web de Xogade. <https://inscripcion-xogade.xunta.gal/>  
Dito modelo quedará em custodia na entidade coa que participe.

C) Durante a celebración das Xornadas:

- ▶ Levar posta a máscara en todo momento
- ▶ Desinfección de mans de todo xogador participante ao entrar e saír do local de xogo
- ▶ Evitar a entrada de acompañantes
- ▶ Evitar agrupamentos de persoas nos accesos das instalacións
- ▶ O local de xogo deberá estar ventilado en todo momento con portas e ventás abertas
- ▶ Distancia entre taboleiros de, como mínimo 1,5 metros
- ▶ Deberase de manter a distancia de seguridade interpersoal no local de xogo (mínimo de 1,5 metros)
- ▶ Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico, non se saudará cás máns ao rival nin ao principio nin ao final da partida
- ▶ Evitar tocar ollos, nariz e boca
- ▶ Non se debe entrar na sala de xogo con comida e/ou bebidas
- ▶ Estar sentado evitando o máximo moverse pola sala de xogo e aproximarse a outras mesas
- ▶ No caso dos aseos, utilizaranse só para o fin propio e polo tempo imprescindibles
- ▶ Usar máscara tamén nos baños
- ▶ Nos baños manter a distancia de seguridade interpersoal (mínimo de 1,5 metros)
- ▶ Tamén nos baños, respectar as quendas de uso para cumprir aforos
- ▶ Disporase (na medida do posible) de papeleiras pechadas e con accionamento non manual para depositar panos e calquera outro material desbotable